



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	DRAMATURXIA
DISCIPLINA	DRAMATURXIA I
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Textual / Xestual
CURSO	3º (1º semestre)
CRÉDITOS ECTS	4
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Afonso Becerra Arrojo
DOCENTES	Nome e apelidos: Afonso Becerra Arrojo Horario titorías: Despacho: Dpto. de Dirección escénica e dramaturxia. Contacto: afonsobecerra@edu.xunta.es
DESCRICIÓN	Análise do texto dramático e/ou da partitura dramática. Concepción da estrutura dramática e as convencións que operan nunha obra ou espectáculo, a acción, o xénero, a caracterización, o ritmo, así como as implicacións de elementos de produción tales como o vestuario, a escenografía ou a iluminación. Análise e documentación para a adaptación de textos non dramáticos de cara á súa escenificación.
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego.

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	
EI2	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
EI3	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
EI5	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
EI6	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Coñecer as diferentes tipoloxías e niveis de acción e saber traballar con eles tanto na análise como na creación e composición.	T2. T3. T8. X5. X8. EI5. EI6.
2. Iniciarse nas estratexias narrativas a través da acción e os seus elementos fundamentais.	T2. T3. T8. T13. X3. X5.



	EI2. EI5. EI6.
3. Saber aplicar á adaptación e composición as condicións do modelo dramático de base aristotélica.	T1. T2. T3. T6. T7. T8. T13. X3. X5. EI2. EI5. EI6.
4. Controlar na adaptación e composición a coherencia segundo o xénero e estilo no que se traballe.	T1. T2. T3. T6. T7. T13. T17. X3. X5. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.
5. Profundar no adestramento e o dominio dos modos básicos de adaptación e composición dramaturxica do personaxe, desde a perspectiva textual e escénica.	T2. T3. T4. T6. T7. T13. T17. X3. X5. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.
6. Iniciarse na análise e composición dunha trama de acción.	T1. T2. T3. T6. T7. T8. T13. T17. X3. X5. X8. EI2. EI6.
7. Iniciarse na análise e composición de configuracións espazo-temporais.	T1. T2. T3. T6. T7. T8. T13. T17. X3. X5. X8. EI2. EI3. EI6.
8. Iniciarse na análise e composición de mecanismos e elementos rítmicos.	T1. T2. T3. T6. T7. T8. T13. X3. X5. X8. EI2. EI3. EI6.
9. Sistematizar un proceso de adaptación dramática.	T1. T2. T3. T4. T6. T7. T8. T13. T17. X3. X5. X8. EI2. EI5. EI6.
10. Desenvolver de xeito coherente e fundamentado calquera exercicio de análise e/ou composición.	T1. T2. T3. T6. T7. T8. T13. T17. X3. X5. X7. X8. EI5. EI6.
11. Aplicar á práctica actoral e á posta en escena os coñecementos e procedementos estudados.	T1. T2. T3. T6. T7. T13. X3. X5. X7. X8. EI2. EI3. EI5.

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. A dramaturxia. Definición, orixes e funcións.	1.1. Definición de dramaturxia, conceptos e disciplina. 1.2. Orixes e funcións da dramaturxia. 1.3. Exemplos históricos e contemporáneos.	1/3 (1h.)
2. Dramaturga/o e dramaturxista.	2.1. Definición. 2.2. Funcións. 2.3. Exemplos históricos e contemporáneos.	1/3 (1h.)
3. Dramaticidade, teatralidade e literariedade como procedementos de traballo.	3.1. Concepto, definición e orixes. 3.2. Procedementos. 3.3. Exemplos dentro e fóra da dramaturxia.	2/3 (2h.)
4. Aproximación actoral aos modelos e paradigmas de composición.	4.1. O modelo da forma dramática de base aristotélico-hegeliana. 4.2. O concepto de <i>pièce bien faite</i> ou <i>pièce machine</i> . 4.3. O concepto de peza paisaxe. 4.4. O <i>drama rapsódico</i> . 4.5. Introducción ao concepto e ás modalidades <i>posdramáticas</i> . 4.6. As dramaturxias <i>performativas</i> , de teatro-danza, teatro visual e de obxectos, etc.	1 (3h.)
5. Análise e creación de personaxes. Definición. Función. Tipoloxías, xéneros e estilos. Exemplos.	5.1. Concepción actoral do personaxe como <i>actante</i> . 5.2. Concepción actoral do personaxe como <i>actor</i> . 5.3. Concepción actoral do personaxe como <i>rol</i> . 5.4. Concepción actoral do personaxe como <i>identidade ficcional</i> .	3 (9h.)
6. Iniciación á escrita dramática no desenvolvemento dunha adaptación para un espectáculo pertencente aos estilos realistas do modelo aristotélico.	6.1. A escrita de réplicas. 6.2. As didascalías. 6.3. Os modos de intercambio verbal dos personaxes segundo as condicións de xénero e estilo e a súa incidencia no desenvolvemento da acción. Rexistros de lingua. Funcións da linguaxe. Modos de intercambio verbal (Actos de fala. Monólogo, soliloquio, diálogo, conversa). Figuras.	1 (3h.)
7. A acción.	7.1. Definición. 7.2. Tipoloxías, niveis e concepcións. 7.3. Unidade e secuenciación.	2/3 (2h.)
8. A <i>Historia</i> ou <i>fábula</i> e a <i>trama</i> .	8.1. Definición. 8.2. Procedementos de realización dunha <i>trama de acción</i> . 8.3. Tipoloxías e modelos. 8.4. Exemplos.	1/3 (1 h.)
9. Análise e composición das configuracións espaciais.	9.1. Definición. 9.2. Tipoloxías e niveis de significación. 9.3. Funcións.	1/3 (1h.)

10. Análise e composición das configuracións temporais.	10.1. Definición. 10.2. Tipoloxías e niveis de significación. 10.3. Funcións.	1/3 (1h.)
11. O ritmo na dramaturxia do drama canónico de base aristotélica.	11.1. Mecanismos fundamentais. 11.2. Análise rítmica. 11.3. Composición dunha partitura rítmica que controle os efectos e as expectativas.	1 e 2/3 (5h.)
12. Introducción a un procedemento básico de adaptación dramática.	12.1. O concepto de adaptación dramática. 12.2. As operacións, modalidades e tipoloxías. 12.3. Procedemento e fases de traballo.	2/3 (2h.)
13. Adaptación dramática dun texto non dramático segundo o modelo da <i>pièce bien faite</i> de base aristotélica.	13.1. Lectura, documentación e análise do texto non dramático. 13.2. Operacións adaptadoras. 13.3. Desenvolvemento dunha peza dramática de cara á súa posta en escena.	3 e 1/3 (10h.)
TOTAL SESIÓNS		15 sesións de 3h. (Total 45 h.)

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias			
Exposición maxistral	3	10	13
Exposición práctico-teórica	5	15	20
Práctica individual	15	30	45
Práctica colectiva	10	20	30
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias			
Outros			
Titorías individuais	2		2
Titorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	5	5	10
Actividades de avaliación. Revisión			

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Descrición	Descrición
Exposición introdutoria sobre a disciplina da dramaturxia e a súa importancia como ferramenta actoral.	(Temas 1 e 2). Definición dos termos básicos da disciplina. Explicación da etimoloxía, as orixes, as funcións e atribucións profesionais. Exposición das diferenzas e semellanzas entre as funcións do/a dramaturgo/a e do/a dramaturxista. Reflexionar sobre cal é a materia da dramaturxia actoral.
Exercicio de creación introdutorio ás modalidades textuais dos xéneros canónicos.	(Tema 3) Asunción dun tema ou argumento desde a perspectiva da épica, da lírica e da dramática. Aplicar os elementos e procedementos fundamentais e característicos expostos no tema 4.
Exposición dos elementos e procedementos compositivos, así como as súas poéticas e finalidades artísticas, do modelo dramático da <i>pièce bien faite</i> de base aristotélica, fronte ao diverso paradigma posdramático. Exercicios de análise dramaturxica de espectáculos e dedución das súas constantes paradigmáticas e estruturais.	(Tema 4) Estudo introdutorio das condicións básicas que caracterizan patróns e modelos compositivos sedimentados ao longo da historia das artes escénicas. A <i>Poética</i> de Aristóteles como manual ou receita de composición dramática. A lectura neoclásica do drama canónico, a <i>pièce bien faite</i> , <i>pièce machine</i> , fronte ás poéticas dramaturxicas desde as vangardas ata hoxe. A <i>pièce paysage</i> , as dramaturxias performativas, de teatro visual e de obxectos, de teatro-danza e teatro non textual, etc. Exemplos e análise práctica.
Exposición teórico-práctica da análise e composición de personaxes, segundo o xénero e o estilo.	(Temas do 5 ao 6) Estudo dos diferentes niveis de caracterización do personaxe segundo o xénero e estilo. Análise práctica de exemplos extraídos da dramaturxia universal de diferentes épocas, xéneros e estilos.
Exercicio de análise dos personaxes nun texto e a súa adaptación dramática de cara a unha posta en escena determinada.	(Temas do 5 ao 6) Exercicio de análise dos personaxes nun texto e a súa proxección e adaptación de cara a unha posta en escena.
Exercicio de segmentación da trama de sucesos nun relato e análise da acción en cada segmento e na súa evolución de cara á súa	(Temas do 7 ao 8) Aplicación de criterios coherentes de segmentación dun relato en función dos sucesos ou situacións dramáticas inscritas e visualizables. Análise das mesmas.

transposición e adaptación dramática.	
Exercicios de análise das configuracións espaciais nun relato e a súa transposición e adaptación dramática.	(Tema 9) Estudar os elementos principais que configuran os diferentes niveis, tipoloxías e funcións do espazo. Facer a súa análise nun relato. Aplicar procedementos de transposición e adaptación dramática atendendo ás condicións do xénero e estilo no que se traballe, así como ao espectáculo previsto ao que vai destinada a adaptación.
Exercicios de análise das configuracións temporais nun relato e a súa transposición e adaptación dramática.	(Tema 10) Estudar os elementos principais que configuran os diferentes niveis, tipoloxías e funcións do tempo. Facer a súa análise nun relato. Aplicar procedementos de transposición e adaptación dramática atendendo ás condicións do xénero e estilo no que se traballe, así como ao espectáculo previsto ao que vai destinada a adaptación.
Exposición e análise dos conceptos, procedementos e mecanismos rítmicos básicos que determinan o sentido nunha <i>trama de acción</i> e na composición dramática. Estudar a relación entre a "dramaturxia da recepción", unha posible partitura de efectos, o control das expectativas e o ritmo.	(Tema 11) Estudar os conceptos, procedementos e mecanismos rítmicos básicos nunha <i>trama dramática</i> para poder aplicalos na análise e composición. Exercicios de análise rítmica nun texto ou partitura. Estudar a relación dos efectos previstos na recepción e os mecanismos e procedementos rítmicos. Elaboración dunha partitura de efectos na recepción.
Exercicios de análise rítmica e aplicación á práctica actoral na posta en escena.	(Temas do 7 ao 11) Exercicios de análise rítmica de escenas ou pezas breves e da súa aplicación ao traballo actoral na posta en escena.
Adaptación dramática dun relato ou texto non dramático. Aplicar as condicións da forma dramática de base aristotélico-hegeliana.	(Temas do 1 ao 13) Exercicio de composición dunha nova <i>trama de acción</i> e das configuracións espazo-temporais e mecanismos rítmicos para realizar unha adaptación dramática do relato, a partir dos elementos estudados e practicados nos exercicios anteriores. Aplicar as condicións da forma dramática de base aristotélico-hegeliana. Escrita dramática final da adaptación deseñada previamente na <i>trama</i> .

7. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

7.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Seguimento diario	T1. T2. T3. T4. T6. T7. T8. T13. T17. X3. X5. X7. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.	5%
Exercicios parciais de análise	T1. T2. T3. T4. T7. T13. X3. EI6.	15%
Exercicios parciais de composición	T1. T2. T3. T4. T6. T7. T8. T13. T17. X5. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.	15%
Exercicios globais de análise e composición. Presentación pública final da peza dramática realista breve.	T1. T2. T3. T4. T6. T7. T8. T13. T17. X3. X5. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.	65%

7.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Exame. Exercicios globais de análise e composición que implican os mesmos coñecementos e procedementos que os exercicios realizados durante o curso.	T1. T2. T3. T4. T6. T7. T8. T13. T17. X3. X5. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.	100%

7.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Exame. Exercicios globais de análise e composición que implican os mesmos coñecementos e procedementos que os exercicios realizados durante o curso.	T1. T2. T3. T4. T6. T7. T8. T13. T17. X3. X5. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.	100%

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas Aristóteles: (2007): <i>Poética</i> , A Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor da Universidade da Coruña. Becerra de Becerreá, Afonso (2007): <i>Dramaturxia. Teoría e práctica</i> , Vigo, Galaxia.
Referencias complementarias Becerra de Becerreá, Afonso (2005): <i>O ritmo na dramaturxia</i> , A Coruña, Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Mayor da Universidade da Coruña. Melendres, Jaume (2000): <i>La dirección de los actores. Diccionario mínimo</i> , Madrid, ADE. Pavis, Patrice (1998): <i>Diccionario del teatro. Dramaturgia, estética, semiología</i> , Barcelona, Paidós. Sarrazac, Jean-Pierre (1999) : <i>L'Avenir du drame</i> , Paris, Circé.



Szondi, Peter (1989): *Teoría del drama modern (1880-1950)*, Barcelona, Institut del Teatre.

9. OBSERVACIÓNS

ACORDOUSE COA XEFATURA DE ESTUDOS E NAS REUNIÓNS DE EQUIPAS DOCENTES DE 3º CURSO DA ESPECIALIDADE DE INTERPRETACIÓN QUE:

Ante a situación actual derivada da pandemia pola Covid-19 e ante a previsión de que nos meses de outono e inverno (1º semestre) resulte máis difícil o traballo relativo ás dramaturxias non textuais posdramáticas, pertencentes ao teatro de creación colectiva, optamos por cambiar para os meses de primavera (2º semestre) eses contidos, que nas guías docentes estaban situados en **Dramaturxia I** e pasalos ao programa de **Dramaturxia II**, en previsión de que as condicións melloren e, de non ser así, que teñamos o tempo suficiente para planificar ese traballo de indole colaborativa e colectiva coas garantías necesarias.

Así pois, fican no programa de **Dramaturxia I (1º semestre)** os traballos máis individuais pertencentes ás teatralidades encadradas no modelo do drama de base aristotélica.

Fican no programa de **Dramaturxia II (2º semestre)** os traballos colaborativos e de grupo, que requiren unha realización escénica, porque se trata de dramaturxias a pé de palco, encadradas no que se adoita denominar como teatralidades posdramáticas.

Alén diso:

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:

ACTIVIDADE 1: Seguimento telemático

Competencias: T1. T8. T12. X4. X6. ED5.

Ponderación: 5%

ACTIVIDADE 2: Práctica dos xéneros. Producción épica, lírica e dramática.

Competencias: T3. T6. T8. ED1. ED2.

Ponderación: 10%

ACTIVIDADE 3: Análise do relato (Argumento, temas e impresións persoais).

Competencias: T1. T2. T3. T4. T7. T13. X3. EI6.

Ponderación:

ACTIVIDADE 4: Análise de personaxes.

Competencias: T1. T2. T3. T4. T7. T13. X3. EI6.

Ponderación:

ACTIVIDADE 5: Segmentación e análise da trama de sucesos dunha historia (acción, espazo, tempo).

Competencias: T1. T2. T3. T4. T7. T13. X3. EI6.

Ponderación:

ACTIVIDADE 6: Escrita dramática da adaptación.

Competencias: T1. T2. T3. T4. T6. T7. T8. T13. T17. X5. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.

Ponderación:

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).